

DECÁLOGO

DE PREGUNTAS BÁSICAS PARA HOMES QUE
BUSQUEN **LIBRARSE DESTA MASCULINIDADE**



**EDITAN E PUBLICAN: DISTRIBUIDORA ANARQUISTA POLARIS
PUBLICACIÓN DE BALDE. QUEDA TERMINANTEMENTE ALENTADA A COPIA E DIFUSIÓN
DESTE MATERIAL SEMPRE QUE SEXA SEN FINS COMERCIAIS E CUN ÁNIMO SINGEIRO
DE RACHAR CO PATRIARCADO. COMPORTE, FOTOCOPIA, DIFUNDE, CONSPIRA...
PARA CRÍTICAS, RESPOSTAS, PROPOSTAS, DÚBIDAS, E PARA DESCARGAR LIBREMENTE
ESTE E OUTROS MATERIAIS EN PDF:**

**:: DISTRIPOLARIS.NOBLOGS.ORG
:: DISTRIPOLARIS@RISEUPNET
:: [@DISTRIPOLARIS \(INSTAGRAM\)](https://www.instagram.com/dstripolaris)**



MACHISTA EU, PERO QUE DIS, COMO YOU SER MACHISTA...

ESTA É A REACCIÓN QUE MOITOS (CASE TODOS) TEMOS A PRIMEIRA VEZ QUE NOS SINALAN OS NOSOS PRIVILEXIOS OU O MARGO DE DESIGUALDADE PATRIARCAL NO QUE SE DESENVOLVEN AS NOSAS VIDAS E RELACIÓNS. É DIFÍCIL, E INCÓMODO, ESCOITAR QUE O TEU COMPORTAMENTO AGREDE, OU QUE ESTÁS A REFORZAR CONTINUAMENTE UN SISTEMA DE OPRESIÓN DO QUE EN MOITOS CASOS NIN SEQUERA ES CONSCIENTE, PORQUE EDUCÁRONNOS PARA NORMALIZAR TODAS AS VIOLENCIAS DAS QUE FACEMOS PARTE, NON SÓ CO MACHISMO, TAMÉN CON OUTRAS DESIGUALDADES CUNHA MATRIZ DE XÉNERO OU GOAS DESIGUALDADES DE CLASE, RACIAIS, FUNCIONAIS, ETC.

ADEMÁIS, OS HOMES TENDEMOS A ENTENDER O MACHISMO COMO MALTRATADORES QUE PEGAN MALLEIRAS Á MULLER OU COMO SINIESTROS ENCARAPUGHADOS QUE VIOLAN RAPAZAS EN GALEIXÓNS ESCUROS, E AÍND A QUE ESAS SITUACIÓNS POR DESGRAZA SEGUEN A SER GOTIÁS (SÓ HAI QUE BOTAR UNHA OLLADA ÁS ARREPIANTES CIFRAS DE FEMINICIDIOS E AGRESIÓNS SEXUAIS PARA FAGERSE UNHA IDEA), SÓ SON A PUNTA DO ICEBERG DUN SISTEMA QUE FUNCIONA A NIVEL ESTRUCTURAL E QUE CONTAMINA TODAS AS ESFERAS, ESPAZOS E INTERACIÓNS QUE COMPOÑEN A NOSA CONTORNA. NADA ESTÁ EXENTO.

NÓS PENSAMOS QUE É IMPORTANTE COMEZAR A FAGER UN TRABALLO POR NÓS MESMOS PARA DESFACERNOS DESTA MASCULINIDADE TÓXICA E AGRESIVA QUE NOS FOI INGULGADA E AVANZAR. SOMOS CONSCIENTES DE QUE ESTE É UN CAMIÑO MOI LONGO, COMPLICADO, NÓS MESMOS NOS EQUIVOCAMOS, FIXEMOS SENTIR INCÓMODAS A COMPAÑEIRAS E AMIGAS, DESGOIDAMOS... PENSAMOS QUE OS PROCESOS SON LENTOS, E NON PRETENDEMOS DAR NINGUNHA FÓRMULA MÁXICA NIN RESPONSTAS DEFINITIVAS. POLA CONTRA, APETÉGENOS MÁIS E PARÉGENOS MÁIS INTERESANTE PLANTEXAR INTERROGANTES. POR ISO, NESTE PEQUENO FANZINE FACEMOS 10 PREGUNTAS QUE PENSAMOS QUE PODEN SER UN PUNTO DE PARTIDA ÚTIL PARA AQUELES HOMES QUE TAMÉN QUEIRAN APRENDER E PRODUCIR OUTROS XEITOS DE RELACIONARSE GOAS OUTRAS, DE GOIDAR, DE OGUPAR O ESPAZO, DE EXPRESARSE OU DE QUERER, NON SÓ GOAS MULLERES, SENÓN GON GALQUERA.

ESTA PUBLICACIÓN PRETENDE SER UNHA FERRAMENTA. CANDO REMATES DE USALA, NON A TIRES, PASALLA AOS TEUS AMIGOS, ORGANIZADE OBRADOIROS, USÁDEA XUNTOS!



AS PREGUNTAS A CONTINUACIÓN BUSCAN SER O COMEZO DUN DIÁLOGO CUN MESMO QUE DEA LUGAR A REFLEXIÓN E ACHEGAS QUE LOGO PODER EMPREGAR EN CONVERSAS ENTRE NÓS. ESE DIÁLOGO QUERE SER LIBRE DE XUÍZOS, DE EGOS E DE REPROGHES, POIS PENSAMOS QUE OS EGOS E AS ACTITUDES PREPOTENTES TEÑEN BASTANTE QUE VER, DE FEITO, COS VALORES DESTA MASCULINIDADE PATRIARGAL QUE QUEREMOS ATAGAR. ASÍ, QUEREMOS INTERCAMBIAR ENTENDÉNDONOS DESDE DIFERENTES RITMOS, PERCORRIDOS E LUGARES, SABENDO QUE NON SOMOS PERFECTOS E QUE O IMPORTANTE NON SON TANTO OS ERROS COMETIDOS COMO O QUE QUEDA POR PERCORRER. POR ISO, CONVIDÁMOSTE A LER E RESPONDER A CADA PREGUNTA CON SINCERIDADE, SENDO HONESTO CONTIGO MESMO.

NINGUÉN TE VAI XULGAR.

1. CANDO UNHA MULLER FALA DO MACHISMO OU DOS HOMES MACHISTAS, SÍNTESTE INTERPELADO OU PENSAS QUE A MOVIDA NON VAI CONTIGO? CRES QUE TODOS OS HOMES SOMOS MACHISTAS?

**2. CRES QUE O MACHISMO É UNHA CUESTIÓN
INDIVIDUAL DO COMPORTAMENTO DE CADA QUEN
OU UN PROBLEMA COLECTIVO E ESTRUCTURAL?**

3. CRES QUE TES PRIVILEXIOS POR SER UN HOME? POR EXEMPLO, NON ESTAR EXPOSTO A CERTAS VIOLENCIAS OU AGRESIÓNS, TER MÁIS ESPAZO PARA FALAR, SER ESCOITADO OU VISIBILIZARTE, MÁIS POSIBILIDADES PARA ACCEDER A POSTOS DE RESPONSABILIDADE OU A MELLORES SALARIOS...

**4. CANDO UNHOMETE NUN COMPORTAMENTO
NA TÚA PRESENCIA QUE SABES QUE É
MACHISTA, DÍSLE ALGO OU MIRAS CARA
OUTRO LADO?**

5. CRES QUE É IMPORTANTE QUE OS HOMES CORRIXAMOS A OUTROS TÍOS CANDO PENSAMOS QUE ESTÁN SENDO BABOSOS, CONDESCENDENTES, INVASIVOS, IRRESPECTUOSOS... COAS MULLERES, CONTANDO "CHISTES" MACHISTAS, ETC.?

**6. CRES QUE AS MULLERES TEÑEN O DEBER
OU A OBRIGA DE EDUCAR AOS HOMES NO
FEMINISMO, DE FACER PEDAGOXÍA, DE EXPLICAR,
OU PENSAS QUE SOMOS OS PROPIOS HOMES OS
QUE DEBEMOS TER A INICIATIVA DE FORMARNOS
E DE REVISARNOS OS NOSOS PRIVILEXIOS E
COMPORTAMENTOS?**

7. CANDO TE SINTES MAL E PRECISAS DUNS COIDADOS EMOCIONAIS, BUSCAS ESE APOIO EN MULLERES DE XEITO AUTOMÁTICO POR ENTENDER, DE XEITO INCONSCIENTE, QUE ELAS ESTÁN MELLOR PREPARADAS PARA ESE TIPO DE ATENCIÓNS, OU FALAS CON OUTROS HOMES DE EMOCIÓNS, CHORAS, ÁBRESTE CO TEU PAI, CON AMIGOS, COMPAÑEIROS...? CRES QUE POLO XERAL GÚSTACHE MÁIS FALAR DE EMOCIÓNS E SENTIMENTOS CON HOMES QUE CON MULLERES? CRES QUE ISTO GARDA RELACIÓN COA TÚA SOCIALIZACIÓN MASCULINA OU CRES QUE NON TEN NADA QUE VER?

8. CRES QUE TES DEREITO A, OU QUE NON HAI NADA DE MALO EN VALORAR O FÍSICO DUNHA MULLER AÍNDA QUE ELA NON PEDIRA A TÚA OPINIÓN? FAS O MESMO COS HOMES QUE COÑECES, FAS PIROPOS, VALORAS O SEU PEITEADO, O SEU CORPO, O SEU FÍSICO SEN QUE PREGUNTASEN?

**9. QUE OPINAS DE QUE EXISTAN ESPAZOS
POLÍTICOS, SOCIAIS, CONVIVENCIAIS...
NON MIXTOS E DE QUE EXISTAN ESPAZOS
XESTIONADOS EXCLUSIVAMENTE POR
MULLERES? CRES QUE SON NECESARIOS?
SÍNTESTE INCÓMODO POR NON PODER
ACCEDER OU ENTENDES A EXCLUSIVIDADE?**

**10. CRES QUE AS MULLERES TE DEBEN ALGO
(CUIDADOS, SEXO, ATENCIÓN, AMABILIDADE,
ASERTIVIDADE, COMPRENSIÓN, PACIENCIA,
PEDAGOXÍA, SEGUNDAS OPORTUNIDADES...)?**

E A RISCO DE FALTAR Á NOSA PALABRA DE QUE ISTO FOSE UN DECÁLOGO, DEIXAMOS UNHA DERRADEIRA PREGUNTA QUE NON POR ISO DEIXA DE SER IMPORTANTE: ALGUNHA DAS 10 PREGUNTAS ANTERIORES TE FIXO SENTIR INCÓMODO?



DISTRIPOLARIS.NOBLOGS.ORG

DISTRIPOLARIS@RISEUPNET

· 2019 ·

